

Galicia ten na madeira un dos seus maiores recursos; a madeira é un material próximo, facilmente renovable e os seus desperdicios son reciclables.



Vivir nunha casa de madeira

19. Que vantaxes ten?

A madeira é un material lixeiro, natural e renovable. Construíndo con madeira consómese moita menos enerxía que se se utilizan outros materiais. As casas tradicionais son basicamente construcións de madeira, e empregando o que podemos conservar nelas colaboramos na sustentabilidade do sistema.

20. É san?

Un vello dito escandinavo di: "Se o teu médico non pode facer nada por ti, merca unha casa de madeira". Nunha casa con estruturas de madeira a humidade estabilízase, pois a madeira, xunto con outras técnicas adecuadas, regula a auga no ambiente, contribuíndo a evitar algunhas doenzas respiratorias e dos ósos.

21. É perigoso?

A pesar do conto dos tres porquiños, as casas de madeira son máis seguras que as construídas noutros materiais. A madeira arde, é verdade, pero ao mesmo tempo endurece ao secar coa calor mentres se consome e, coa propia madeira queimada na superficie -que é moi bo illante-, protéxese das chamas e retarda o seu tempo de colapso. A partir dun certo momento, nos edificios de aceiro ou formigón armado os bombeiros non se atreven a entrar cando hai un incendio, pois o ferro plastifícase coa calor e as estruturas de aceiro e formigón armado derrúbanse sen avisar.